



Confederación Intersindical Galega
ENSINO



Secretaría Nacional

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10, 1º

15703-SANTIAGO

Tlfno.: 981-576800 Fax: 981-575839

Correo electrónico: galiza@cig-ensino.com

Santiago, 20 de maio de 2010

Asunto: Cómputo de días traballados para o dereito ao informe (Oposicións 2010)

Sr. Director Xeral de Centros e Recursos Humanos:

A CIG-Ensino demanda da Consellaría que resolva favorablemente as reclamacións presentadas por aquelas opositoras e opositores que acreditan 180 días reais de servizos prestados na administración educativa no ensino non universitario para ter dereito ao informe, pero que así e todo co programa informático da Consellaría non alcanzan eses días.

Desde a CIG-Ensino, non podemos entender, en pleno século XXI, como en lugar de os medios informáticos estaren ao servizo da Administración, é a Administración a que xustifica o funcionamento dun programa informático de cómputo de días traballados que non se corresponde coa realidade e, polo tanto, prexudica os seus administrados e administradas.

É evidente que o programa que debe utilizar a consellaría debe contabilizar todos e cada un dos días traballados polo persoal opositor, cuestión que o programa actual non está a facer, xa que non contabiliza os días 31 dos meses correspondentes, dando como resultado que o cómputo total de días traballados por algún opositor ou opositora sexa inferior a 180, cando na realidade esa persoa prestou servizos reais durante 180 días ou máis, co cal tería dereito a substituír a correspondente proba de oposición polo informe, tal e como o recolle a convocatoria dos procedementos selectivos.

Desde a CIG-Ensino, demandamos que se calcule o tempo real de servizos prestados, como mínimo, nas reclamacións presentadas polo persoal afectado e que, no caso de ter os 180 días ou máis, aparezan na relación de admitidos ao procedemento selectivo con dereito a informe.

Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Anxo Louzao Rodríguez

Secretario Nacional da CIG-Ensino